

DECRETO DA ALCALDÍA 854/2008

Antecedentes

- Con data de 23/9/2008 iniciouse expediente de contratación das obras de “Pavimentaciones Varias y Saneamiento en Vilaboa 2008” mediante procedemento negociado sen publicidade tramitación urxente.

- Mediante Decreto da Alcaldía 752/2008, de 23/09/2008 aprobouse o expediente de contratación e os pregos de cláusulas administrativas para a adxudicación das obras de “Pavimentaciones Varias y Saneamiento en Vilaboa 2008”, autorizando o gasto que supón a adxudicación do mesmo.

- En data de 23/09/2008 solicitáronse ofertas ás seguintes empresas:

- Jose Ángel Otero Cordeiro
- GBT Ejecución Estructuras S.L.
- Construcciones Vale S.L.

- En data de 06/10/2008 certifícase a presentación da oferta que consta no expediente.

- En data de 09/10/2008 constituíuse a Mesa de contratación, órgano competente para a valoración das ofertas, e esta realizou proposta de adxudicación en favor de Construcciones Vale S.L., unha vez incorporado ao expediente o correspondente informe técnico de valoración das ofertas presentadas.

- En data de 09/10/2008 a Xunta de Goberno Local adxudica provisionalmente en favor da empresa Construcciones Vale S.L., o contrato de obras de “Pavimentaciones Varias y Saneamiento en Vilaboa 2008” polo prezo de 112.762,00 € euros de acordo coas seguintes consideracións:

“Primeiro. Declarar válido o acto de licitación.

Segundo. Adxudicar provisionalmente o contrato de obra de “Pavimentaciones Varias e Saneamiento en Vilaboa 2008”, por importe de 112.262,00 € e un prazo de execución de dous meses, á empresa “Construcciones Vale S.L.” de acordo co prego de cláusulas administrativas e demais condicións establecidas na súa oferta.

Terceiro. Notificar e requirir a “Construcciones Vale S.L.” adxudicataria provisional do contrato, para que constituía, dentro dos dez días hábiles seguintes ao da data de publicación desta adxudicación provisional a garantía definitiva do contrato que ascende a 4715,04 € (catro mil setecentos quince con cero catro euros).

Carto. Publicar a adxudicación provisional do contrato mediante anuncio no perfil de contratante do Concello de Vilaboa e no Boletín Oficial da Provincia.”

- Visto que con data 10/10/2008, a adxudicación provisional notificouse á empresa adxudicataria.

- Visto que a devandita adxudicación se publicou no perfil do contratante do Concello de Vilaboa con data de 14/10/2008, tal e como consta no informe que se adxunta no expediente.

- Visto que a adxudicación provisional se notificou ao adxudicatario, requiríndolle para que presentase a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e constituíuse a garantía definitiva.

- Visto que con data de 20/10/2008, o adxudicatario constituíu garantía definitiva por importe de 4.715,04 € (catro mil setecentos quince euros con catro céntimos) e presentou os documentos xustificativos esixidos.

- Examinada a documentación que a acompaña, de conformidade co establecido no artigo 135.4 e na Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público,

RESOLVO:

Primeiro. Avocar as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local.

Segundo. Elevar a definitiva a adxudicación provisional do contrato de obras de “Pavimentaciones Varias y Saneamiento en Vilaboa 2008” en favor da empresa Construcciones Vale S.L. aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local de 09/10/2008 e publicada no perfil de contratante con data de 14/10/2008.

Terceiro. Notificar ao adxudicatario do contrato a presente Resolución e requirilo para a sinatura do contrato.

Cuarto. Publicar a adxudicación definitiva do contrato no perfil de contratante do Concello de Vilaboa e no Boletín Oficial da Provincia.

Quinto. Formalizado o contrato deberase presentar polo contratista o Plan de Seguridade e Saúde da obra axustado ao Estudo de Seguridade e Saúde do Proxecto para a súa aprobación polo Concello previo informe do director facultativo das obras e a súa posterior comunicación á autoridade laboral..

Vilaboa, 28 de outubro de 2008
O alcalde

José Luis Poceiro Martínez